

# A SEDUCCIÓN

[Sofia Coppola, 2017]

# 277

ESTREA EN NUMAX: 25.08.2017 | V.O.S.E. | +12

*The Beguiled* (2017, 91')

**Dirección:** Sofia Coppola

**Guión:** Sofia Coppola (Novela: Thomas Cullinan)

**Elenco:** Colin Farrell, Elle Fanning, Nicole Kidman, Kirsten Dunst, Angourie Rice, Oona Laurence, Addison Riecke, Wayne Pére, Emma Howard, Matt Story

**Son:** Richard Beggs

**Montaxe:** Sarah Flack

**Fotografía:** Philippe Le Sourd

**Dirección de arte:** Jennifer Dehghan

**Vestuario:** Stacey Battat

**Produtoras:** American Zoetrope, FR Productions (Estados Unidos)

**Distribuidora:** Universal

**Formato de proxección:** DCP2K, 1.66:1

**Idioma orixinal:** Inglés, francés

## FILMOGRAFÍA

*A Very Murray Christmas*, 2015 [TV]

*The Bling Ring*, 2013

*Somewhere*, 2010

*María Antonieta*, 2006

*Lost in Translation*, 2003

*Las vírgenes suicidas*, 1999

*Lick the Star*, 1998 [curtametraxe]

## PREMIOS E FESTIVAIS

Cannes 2017 (mellor dirección)

## SINOPSE

Un soldado confederado resulta ferido de gravidade durante a guerra civil estadounidense, pero tras ser encontrado por unha moza é acollido e protexido na escola feminina na que estuda. Alí recuperarase a medida que seduce ás mulleres do lugar. Aínda que, tras un terríbel accidente, a súa situación hase complicar, modificando a súa actitude.

«O filme de Coppola é un prodixio de sutileza, visualidade e lírica bélica»

Oti Rodríguez Marchante, ABC



## «Pensei moito en como situar o filme nos parámetros do Gótico Sureño»

Entrevista con Sofia Coppola  
Por Nicolas Rapold

**Teño curiosidade polas fontes artísticas que inspiraron o teu pensamento neste filme. Reparaches na fotografía de William Eggleston, por unha banda, non si?** Puxemos moitas referencias en común. Procurei inspiracións de todo tipo e traballei arreo coa deseñadora de produción, Anne Ross. Vimos filmes, fotografías e retratos da Guerra Civil, moitos de mulleres e nenos e si, a William Eggleston, para a ambientación e a cor. Ese é sempre o punto de partida antes de decidir como imos contar unha historia.

**Xuntas e compartes esas imaxes co equipo?** Si, desta volta fixemos unha pequena edición de imaxes. Muro de inspiración é como se lle chama agora. Fotografías de referencia que poderían suxerir ideas para os planos, ou simplemente para ollar a súa luz e paleta de cores.

**Que estabas a procurar en termos de luz e cor?** Quería unha fotografía que suxerise o mundo lene e feminino destas mulleres. Logo temos o contraste coa dureza do home, un soldado que vén da guerra. Deste xeito, cando a historia dá un xiro coido que a sorpresa é maior porque estabamos instalados nun mundo moi

acolledor. Tamén pensei moito en como situar a historia do filme nos parámetros do Gótico Sureño.

**Como te situaches nese Gótico Sureño?** Construimos esa atmosfera tan peculiar a través das portas, as candieirias, as rapazas en camisón e os ángulos de cámara. Para a última parte do filme a fotografía é máis escura, nocturna, coa luz das candeas.

**Como traballaches a túa propia ollada cara ao Sur? É un espazo que a xente adoita asociar no plano visual con *Lo que el viento se llevó* (Victor Fleming, George Cukor, Sam Wood, 1939).** Precisamente parte das miñas primeiras impresións sobre o Sur veñen dese filme. As escenas das mozas atando os corsés proceden doutros filmes sobre a Guerra Civil. Cando comecei a escribir o filme tiña unha idea previa do que quería expresar. Lembraba un pouco a *Las vírgenes suicidas* (Sofia Coppola, 1999), así que pensei en situarlas coas súas vestimentas pastel distinguidas, pois foron lavadas unha chea de veces. Son rapazas desconectadas do mundo que nunca tiveron case nada.

**En canto ao personaxe masculino, é interesante a presenza de Colin Farrell no papel do soldado que interpretara Clint Eastwood en *El seductor* (Don Siegel, 1971). Coido que o desexo se atopa máis presente en Farrel ca nun actor como Eastwood. É interesante. No caso do filme de Siegel, Eastwood é un tipo duro, temos a voz en off, os flashbacks. No noso é algo máis misterioso, ou cando menos non temos a certeza da súa natureza.**

**No filme de 1971 hai unha certa mística ao seu redor namentres ca no teu semella que queres amosar de maneira precisa como interactúan, tentando expresar complexas intencións.** Coido que o que sucede é que no filme de Siegel o punto de vista é o do home. O soldado chega e é como unha fantasía que se volve pesadelo. Na nosa versión conectamos co punto de vista dos personaxes femininos. Non son tan misteriosas, son máis humanas, e teñen que debaterse entre o seu deber e os seus propios desexos. El é máis misterioso. A outra cara da mesma historia.

**Sempre es moi coidadosa coa escolla musical, como foi neste caso?** Cando estabamos a montar sentín que a música non debía inmiscirse nos momentos de maior tensión, pois tiñan máis forza sen ela. Daquela construí unha banda sonora mínima composta polos sons da natureza e o ruído dos canóns na distancia. A idea era xerar unha certa tensión de fondo no canto de introducir música con obxectivos máis evidentes.

**Cando liches o libro de Cullinan, que imaxes che viñeron á mente que non se atopaban no filme de 1971?** O libro achegoume máis información dos personaxes, a través dos diálogos. Axudoume a estruturar o marco da trama, mais a atmosfera e o ton viu das localizacións. Esas casas rodeadas de carballos e cubertas de carriza, e a idea das mulleres coas vestimentas distinguidas. A idea das mozas con vestidos claros viume de filmes como *Picnic en Hanging Rock* (Peter Weir, 1975)

Publicado en [www.filmcomment.com/](http://www.filmcomment.com/)  
Tradución: Xan Gómez Viñas

### NA LIBRARÍA NUMAX

*The Beguiled*, Thomas Cullinan.  
PenguinBooks, 2017

*Portraits*, William Eggleston. La Fábrica, 2016

*El seductor*, Don Siegel. Universal [DVD]

*Las vírgenes suicidas*, Sofia Coppola.  
Divisa [BluRay & DVD]

*Lost in Translation*, Sofia Coppola.  
Paramount [DVD]

*Somewhere*, Sofia Coppola. Savor [DVD]

*The Bling Ring*, Sofia Coppola. Vértigo [DVD]

# NUMAX

NUMAX, S. Coop. Galega  
Concepción Arenal, 9 baixo  
15702 Santiago de Compostela  
TELF 981 560 250 | [www.numax.org](http://www.numax.org)

Ven todos os días ao cinema por 4,5 €

# A BÓ NA TE

E consegue máis vantaxes.  
Infórmate en [www.numax.org](http://www.numax.org)

NUMAX